

PARA QUE

para que

talvez poderías preguntarme para que

sigo funámbula

neste arpexo de pensarte sempre

xilografía en abismos

como harmónicos de esparto que descompoñen

a pel que non chega

a vertixe volta estelas nestes beizos

ao compás de mil prismas cuarteados

sobre a ferida que unha vez tallaron os reloxos

sobre a ferida que como un dique aínda contiña a palabra tempo

para que

poderías preguntarme para que

tremo como unha trapecista

torpe tropeza coa xeometría anesgada dunha nube

para que tezo entre corpo e ceo unha caligrafía

e en cada serifa cada pau

emerxa a detonación de todas as frases que non podo dicirche

figuras imposibles

co alfabeto do meu corpo e a súa sordina

un berro e a súa mordaza e

un berro e o seu corvo tapiándome a boca

litros de morte vertida pola gorxa que aínda te chirla por se unha fungalla de luz

para que

a pregunta ti calquera para que

para que a acrobacia de quilómetros

para que un colchón amolecido en cada cifra

abrazar a felpa dunha ecuación rachada

como un faquir o metal

como se abraza a ferruxe dun recordo

e pechar os ollos para esculpirte e atoparte

a única noite parcheada na que unha pomba peteira no meu

horizonte izado en lodo

mentres ti es sono sempre como un bucle eivado

e es es es

aínda que sexa nunha lingua extinta que non deprende a pronunciarte

para que

para que e en cambio

para que

ese xílgaro baixo o sol como unha bágoa

para que

a hedra de calidoscopio que ao mediodía aloumiña o aire

para que

todos os templos que desprega unha canción

para que

para que e unha vez e sempre

para que

se non hai resposta nin palabra cando

para que pensarte e saber certo

porque existes

un lugar mellor